

ANSIAS DE VIVIR

Corría o ano 1981 cando a ferrolá Sociedade de Cultura Valle Inclán convocaba un certame de poesía que, andando o tempo, se habería de consolidar como un dos de máis prestixio das nosas letras. A partir desa data, o Premio Esquío ten sido unha magnífica plataforma para o descubrimento e consolidación de autores que logo marcaron pauta na lírica galega e neste labor segue empeñado a día de hoxe cando ven a luz os volumes gañadores da súa XXIV edición. Así, para alén do accésit que recaeu en Carlos Penela por *O que ardeu nos espellos*, o galardón foi para Daniel Salgado con *Días do imperio*, segunda obra deste xove poeta que se dera a coñecer gañando o Premio Uxío Novoneira con *Sucede*. Nesta ocasión, o autor volta a agasallarnos cunha nova mostra desa filosofía reflexiva sobre o eu e a súa circunstancia que xa aparecera no seu primeiro poemario e así a presenza da dúbida existencial -“*como é / que somos o que somos?*”- impele ao eu na busca de respostas satisfactorias a todas as interrogantes que a vida nos vai propoñendo. E, parellamente, tamén aparece, máis unha vez, a dimensión social vinculada, por un lado, ao fondo compromiso crítico cun país que aparece borrado dos mapas, inconcreto nos seus límites de tan apagado e, polo outro, a unha ollada lúcida que analiza a sociedade e pon de manifesto os seus males. A construción dun mundo diferente onde primen os valores anticapitalistas e antiburgueses é o primeiro obxectivo a acadar pois serán estes valores os que nos salven propiciando un posible futuro xusto neste momento no que vivimos a etapa final dun capitalismo atroz. So así a “*historia non sabida*” poderá escribirse nas páxinas dun país que xa non será nunca máis “*a paisaxe afogada de quen se deixa*” senón un espazo compartido para a esperanza. Con todo, e malia ser o tronco temático central da obra, non todo se restrinxen á presenza do compromiso crítico ou á indagación filosófica sobre a existencia e os seus claroescuros, senón que tamén se deixa percibir unha veta vivencial que pon ao eu en contacto co intimismo e a derrota dos amores non compartidos ou xa pretéritos. Así, parellamente ao entramado filosófico e racional, o poeta vai imbricar nos versos referencias á música e ao cine, impactos culturalistas que lle serven para crear unha atmosfera de saudade, evocación ou tristeza xusto no momento en que “*andamos por dentro pero revoltados e a saber/ onde, cando remata tanta ansia*”. E, en toda a obra, percíbese un demorado traballo da linguaxe necesario para “*luír cada palabra/ para que diga o que acontece*”, sexa o termo exacto e signifique sen ambigüidades. Son así estes uns versos “*para explicarmos este mundo*” que nos rodea e onde somos “*unhas ansias / de vivir*”.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 97, xuño 2005, p. 70